

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 3 de setembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

### **Punto 1. Pregunta**

- 1.1 43154 (10/POC-006819)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl  
Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para evitar as potenciais infeccións dos xabarís e porcos polo virus da peste porcina africana, así como as súas intencións referidas á realización dalgunha campaña informativa respecto desta praga  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019*

### **Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 32370 (10/PNC-002638)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David  
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun mapa coa clasificación dos solos de Galicia en función das súas aptitudes e que inclúa un catálogo daqueles que teñen alta produtividade agropecuaria  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018*
- 2.2 46744 (10/PNC-003762)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas excepcións á prohibición do pastoreo previstas no artigo 43.2 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 441, do 06.03.2019*
- 2.3 51570 (10/PNC-004125)



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar o Goberno galego en relación coa incidencia do uso de praguicidas e de produtos químicos na saúde dos traballadores do sector agrogandeiro, así como o deseño dun plan galego de control, de uso e de diminución dos produtos fitosanitarios

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019*

2.4 51938 (10/PNC-004151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego, no segundo semestre de 2019, dun plan de choque con actuacións concretas para evitar a baixada da poboación ocupada no sector agrario

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 495, do 01.07.2019*

2.5 52239 (10/PNC-004171)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión dos xurros e residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva que se esta a levar a cabo na comarca da Limia

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 502, do 10.07.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2019

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión

Daniel  
Vega  
Pérez

Firmado digitalmente por  
Daniel Vega Pérez  
Nombre de  
reconocimiento (DN):  
cn=Daniel Vega Pérez,  
email=daniel.vega.perez  
@parlamentodegalicia.gal  
Fecha: 2019.08.28  
14:10:21 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 28/08/2019 14:10:21

